COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Xefe do gabinete técnico (JAVIER VARELA TEJEDOR) a las 11:48 del día 07/06/2023, Alcalde-Presidente, en funcións (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:34 del día 07/06/2023, Secretario xeral (JOSÉ VILLÁN FUERTES) a las 13:50 del día 07/06/2023 y por SELLO ELECTRÓNICO DO CONCELLO DE CULLEREDO a las 13:50 del día 07/06/2023. Mediante el código de verificación 6226440D0U0E6P0M1E72 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento. Anotada en el Libro de RESOLUCIÓNES con el núm. CUL/RES/1082/2023 el 07/06/2023

KDA

Libro de Resolucións
Número : 1082
Data : 07/06/2023

RESOLUCIÓN

Aprobación do protocolo para a prevención do acoso laboral no Concello de Culleredo

A Constitución Española recoñece como dereitos fundamentais dos españois a dignidade da persoa, (artigo 10), así como a integridade física e moral sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a torturas nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes (artigo 15), e o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe (artigo 18); e encomenda ao tempo aos poderes públicos, no artigo 40.2, o velar pola seguridade e hixiene no traballo.

En desenvolvemento dos anteriores principios, nos primeiros meses do ano 2007 promúlganse, entre outras, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en cuxo artigo 95, punto 2, tipifícase como falta disciplinaria de carácter moi grave, o acoso laboral (artigo 95.2, letra ou).

C.I.F. P-1503100-H

O inaceptable destas condutas foi igualmente sancionado na recente reforma do Código penal, a través da Lei Orgánica 5/2010, do 22 de xuño, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, que sinala, no seu preámbulo XI, que «dentro dos delitos de torturas e contra a integridade moral, incrimínase a conduta de acoso laboral, entendendo por tal a fustrigación psicolóxica ou hostil no marco de calquera actividade laboral ou funcionarial que humille ao que o sofre, impoñendo situacións de grave ofensa á dignidade».

Finalmente, tamén no ámbito europeo son múltiples as referencias ao acoso no lugar de traballo, das que destacaremos a Resolución do Parlamento Europeo sobre o acoso moral no lugar de traballo (2001/2339) que, entre outras cousas, recomenda aos poderes públicos de cada país a necesidade de poñer en práctica políticas de prevención eficaces e definir procedementos adecuados para solucionar os problemas que ocasiona.

CONSIDERACIÓNS

Primeira.- Negociación do protocolo

A Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais estable o dereito de todos os traballadores a unha proteción eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es
Documento asinado electronicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder

Así mesmo o artigo 62 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece o seguinte:

> *"Artículo 62. Protocolo de actuación frente al acoso sexual y al acoso por razón de sexo.*
>
> *Para la prevención del acoso sexual y del acoso por razón de sexo, las Administraciones públicas negociarán con la representación legal de las trabajadoras y trabajadores, un protocolo de actuación que comprenderá, al menos, los siguientes principios:*
>
> *a) El compromiso de la Administración General del Estado y de los organismos públicos vinculados o dependientes de ella de prevenir y no tolerar el acoso sexual y el acoso por razón de sexo.*
>
> *b) La instrucción a todo el personal de su deber de respetar la dignidad de las personas y su derecho a la intimidad, así como la igualdad de trato entre mujeres y hombres.*
>
> *c) El tratamiento reservado de las denuncias de hechos que pudieran ser constitutivos de acoso sexual o de acoso por razón de sexo, sin perjuicio de lo establecido en la normativa de régimen disciplinario.*
>
> *d) La identificación de las personas responsables de atender a quienes formulen una queja o denuncia."*

Polo exposto, dende o servizo de persoal elaborouse unha proposta de «PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO LABORAL NO CONCELLO DE CULLEREDO» (documento código UPO17I00JU), cuio obxecto é definir o marco de actuación para a prevención e protección das/os empregadas/os públicos do Concello de Culleredo en casos de acoso de calquera tipo no ámbito laboral, así como das medidas destinadas á atención da vítima, en casos de reclamacións ou denuncias.

Nos atopamos por tanto, que o protocolo, en canto medida encamiñada á prevención dos riscos de carácter psicosocial nos postos de traballo e, con elo unha mellora na prevención dos riscos laborais e nas condicións de traballo do

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es
Documento asinado electronicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder

C.I.F. P-1503100-H

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Xefe do gabinete técnico (JAVIER VARELA TEJEDOR) a las 11:48 del día 07/06/2023, Alcalde-Presidente, en funcións (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:34 del día 07/06/2023, Secretario xeral (JOSÉ VILLÁN FUERTES) a las 13:50 del día 07/06/2023 y por SELLO ELECTRÓNICO DO CONCELLO DE CULLEREDO a las 13:50 del día 07/06/2023. Mediante el código de verificación 6226440D0U0E6P0M1E72 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento. Anotada en el Libro de RESOLUCIONES con el núm. CUL/RES/1082/2023 el 07/06/2023

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Xefe do gabinete técnico (JAVIER VARELA TEJEDOR) a las 11:48 del día 07/06/2023, Alcalde-Presidente, en funcións (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:34 del día 07/06/2023, Secretario xeral (JOSÉ VILLÁN FUERTES) a las 13:50 del día 07/06/2023 y por SELLO ELECTRÓNICO DO CONCELLO DE CULLEREDO a las 13:50 del día 07/06/2023. Mediante el código de verificación 6226440D0U0E6P0M1E72 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento. Anotada en el Libro de RESOLUCIONES con el núm. CUL/RES/1082/2023 el 07/06/2023

C.I.F. P-1503100-H

persoal ao servizo da administración, debe ser sometido á negociación colectiva, que neste caso, require dunha dobre consideración:

a) Do Comité de seguridade e saúde, como órgano paritario e colexiado de participación, destinado á consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos, integrado polas/os delegadas/os de prevención e as/os representantes da administración.

b) Por outra banda, da Mesa xeral de negociación, como órgano paritario e colexiado que, como tal, ten asignada a competencia para negociar o conxunto das materias reguladas polo artigo 37 do TREBEP, entre as que se atopa a prevención dos riscos laborais.

Neste caso, o comité de seguridade e saúde do Concello de Culleredo, acordou na súa reunión de 4 de maio de 2023, a súa conformidade co texto do «PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO LABORAL NO CONCELLO DE CULLEREDO» (documento código UPO17I00JU), e elevar dito documento á Mesa Xeral de negociación para a súa ratificación formal definitiva, en virtude do disposto no citado artigo 62 da Lei Orgánica 3/2007, e nos artigos 36, 37.1 apartado j), e 38 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

En sesión celebrada o 09/05/2023, a mesa xeral de negociación aprobou o documento introducindo algunas modificacións, das que deriva o contido do documento que se propón aprobar (UPO17I00WE).

Segunda.- Órgano competente para a súa aprobación.

O órgano competente de goberno municipal para aprobar a ratificación do acordo da Mesa xeral de negociación é a Alcaldía-Presidencia, e elo dado que non estamos en presencia dun acordo do condicións de traballo, senón dun pacto aprobatorio dun protocolo de actuación a seguir nos casos expresamente previstos no mesmo. Se trata pois de instrumentos reguladores de diferente natureza: tanto o acordo negociado como o convenio colectivo son instrumentos reguladores do conxunto das condicións de traballo das/os empregadas/os públicos e esixen acordo adoitado polo Pleno municipal (artigo

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es
Documento asinado electronicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder

37.h) da LBRL), e o protocolo é, sen embargo, un procedemento de actuación por parte das/dos empregadas/os públicas/os do Concello de Culleredo a seguir exclusivamente nos supostos en que se den as circunstancias que o memo contempla, considerándose que o acto en cuestión participa máis ben da natureza das instruccións, regulada polo artigo 6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, conforme o cal

"1. Los órganos administrativos podrán dirigir las actividades de sus órganos jerárquicamente dependientes mediante instrucciones y órdenes de servicio.

Cuando una disposición específica así lo establezca, o se estime conveniente por razón de los destinatarios o de los efectos que puedan producirse, las instrucciones y órdenes de servicio se publicarán en el boletín oficial que corresponda, sin perjuicio de su difusión de acuerdo con lo previsto en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.

2. El incumplimiento de las instrucciones u órdenes de servicio no afecta por sí solo a la validez de los actos dictados por los órganos administrativos, sin perjuicio de la responsabilidad disciplinaria en que se pueda incurrir."

Polo exposto, enténdese que a aprobación do protocolo entra dentro da competencia xenérica que ostenta a Alcaldía-Presidencia, regulada polo artigo 21.1 h) da LBRL, podendo aprobarse por Resolución da Alcaldía, sen prexuizo de que poida darse conta ao Pleno para o seu coñecemento, e ratificación no seu caso, se así se estima, todo elo en aplicación do disposto no artigo 38.2 do TREBEP, sendo de inmediata apliación á totalidade do persoal

Terceira.- Publicidade do protocolo.

Considérase indispensable que, tratándose dun protocolo de actuación, se faga público o seu contido para coñecemento das/os empregadas/os públicas/os do Concello.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es
Documento asinado electronicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder

C.I.F. P-1503100-H

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Xefe do gabinete técnico (JAVIER VARELA TEJEDOR) a las 11:48 del día 07/06/2023, Alcalde-Presidente, en funcións (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:34 del día 07/06/2023, Secretario xeral (JOSÉ VILLÁN FUERTES) a las 13:50 del día 07/06/2023 y por SELLO ELECTRÓNICO DO CONCELLO DE CULLEREDO a las 13:50 del día 07/06/2023. Mediante el código de verificación 6226440D0U0E6P0M1E72 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento. Anotada en el Libro de RESOLUCIONES con el núm. CUL/RES/1082/2023 el 07/06/2023

C.I.F. P-1503100-H

Cuarta.- Contido

En canto ao procedemento regulado no protocolo non é, en sí mesmo, un expediente disciplinario nin un expediente administrativo que deba responder nos seus trámites ás distintas fases do procedemento administrativo e, por tanto, á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Trátase dun procedemento específico de prevención e actuación en supostos concretos de posibles riscos laborais, é dicir, pretende regular en todas as súas fases as actuacións previas á apertura dun expediente disciplinario ou arquivo da denunica ou adopciónd e medidas que eviten que o risco se produza, o cal resulta lóxico se se ten en conta que debe dotarse de axilidade, aínda que coas necesarias garantías para cantos se vexan afectados, para evitar que de ser certa a denuncia a situación se manteña no tempo ou de non selo que as sospeitas sobre calquer empregada/o pùblica/o inocente se sosteñan innecesariamente danando a súa imaxe.

Por todo o exposto, e en virtude das atribucións que ostenta a Alcaldía Presidencia, de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar o «PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO LABORAL NO CONCELLO DE CULLEREDO» que terá vixencia dende o día seguinte ao de adopción da presente resolución, que transcrito literalmente di:

"PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO LABORAL NO CONCELLO DE CULLEREDO

ÍNDICE

ARTIGO 1. Obxecto

ARTIGO 2. Ámbito de aplicación

ARTIGO 3. Principios reitores

ARTIGO 4. Definicións

ARTIGO 5. Obxectivos xerais e específicos

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es
Documento asinado electronicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Xefe do gabinete técnico (JAVIER VARELA TEJEDOR) a las 11:48 del día 07/06/2023, Alcalde-Presidente, en funcións (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:34 del día 07/06/2023, Secretario xeral (JOSÉ VILLÁN FUERTES) a las 13:50 del día 07/06/2023 y por SELLO ELECTRÓNICO DO CONCELLO DE CULLEREDO a las 13:50 del día 07/06/2023. Mediante el código de verificación 6226440D0U0E6P0M1E72 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento. Anotada en el Libro de RESOLUCIONES con el núm. CUL/RES/1082/2023 el 07/06/2023

ARTIGO 6. Medidas preventivas

ARTIGO 7. Procedemento de actuación en casos de acoso

ARTIGO 8. Leitos especiais de actuación ante a AEPD

ARTIGO 9. Faltas e sanciones

ARTIGO 10. Seguimento e avaliación

ANEXO 1. Listaxe de condutas constitutivas de acosos laboral

ANEXO 2. Modelo de denuncia

C.I.F. P-1503100-H

ARTIGO 1. Obxecto

O obxecto deste protocolo é definir o marco de actuación para a prevención e protección das/os empregadas/os públicos do Concello de Culleredo en casos de acoso de calquera tipo no ámbito laboral, así como das medidas destinadas á atención da vítima, en casos de reclamacións ou denuncias.

ARTIGO 2. Ámbito de aplicación

Este protocolo aplicarase a toda persoa que preste servizo nesta Administración, sexa cal sexa o carácter ou a natureza xurídica da súa relación laboral.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación do Protocolo as empresas externas contratadas pola Administración, aínda que deberán ser informadas sobre a súa existencia.

ARTIGO 3. Principios reitores

- O Concello velará pola dignidade das/os empregadas/os municipais, poñendo en marcha todas as medidas necesarias para crear e protexer unha contorna laboral libre de todo tipo de acoso.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es
Documento asinado electronicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Xefe do gabinete técnico (JAVIER VARELA TEJEDOR) a las 11:48 del día 07/06/2023, Alcalde-Presidente, en funcións (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:34 del día 07/06/2023, Secretario xeral (JOSÉ VILLÁN FUERTES) a las 13:50 del día 07/06/2023 y por SELLO ELECTRÓNICO DO CONCELLO DE CULLEREDO a las 13:50 del día 07/06/2023. Mediante el código de verificación 6226440D0U0E6P0M1E72 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento. Anotada en el Libro de RESOLUCIONES con el núm. CUL/RES/1082/2023 el 07/06/2023

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Xefe do gabinete técnico (JAVIER VARELA TEJEDOR) a las 11:48 del día 07/06/2023, Alcalde-Presidente, en funcións (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:34 del día 07/06/2023, Secretario xeral (JOSÉ VILLÁN FUERTES) a las 13:50 del día 07/06/2023 y por SELLO ELECTRÓNICO DO CONCELLO DE CULLEREDO a las 13:50 del día 07/06/2023. Mediante el código de verificación 6226440D0U0E6P0M1E72 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento. Anotada en el Libro de RESOLUCIÓNES con el núm. CUL/RES/1082/2023 el 07/06/2023

C.I.F. P-1503100-H

- O Concello respectará os principios recolleitos na normativa reguladora de Protección de Datos de carácter persoal e minimizará os tratamentos de datos persoais das persoas da súa plantilla que poidan supoñer un incremento do risco de condutas constitutivas de acoso. En calquera caso, terá en conta o posible impacto de xénero dos tratamentos que leven a cabo.

- Calquera persoa que teña coñecemento dunha situación incluída baixo o ámbito de aplicación deste Protocolo ten a obrigación de denunciala ante os seus superiores xerárquicos ou ante a Comisión de Atención ao Acoso Laboral.

- As/os responsables dos diferentes centros ou unidades de traballo teñen a obrigación de velar polo bo ambiente laboral e prestar atención a calquera situación que poida supoñer acoso a calquera das persoas ao seu cargo.

- Os procedementos que se tramiten como consecuencia de denuncias sobre situacións de acoso no ámbito laboral resolveranse á maior celeridade posible.

- Velarase de maneira especial pola privacidade do actuado, co consecuente deber de sixilo, facendo un tratamento reservado da información relativa ás situacións constitutivas de acoso e ás persoas implicadas, garantindo que toda persoa que interveña no procedemento comprométase a non transmitir nin divulgar información relacionada cunha denuncia presentada.

- O Concello recoñece o papel da representación sindical na prevención, denuncia e vixilancia do cumprimento da normativa laboral e de condicións de traballo, proporcionando a información, así como o apoio e representación dos empregados que así o soliciten. A representación sindical terá dereito a estar informada sobre o número de denuncias, investigacións e medidas que se adopten neste ámbito.

- Sancionaranse os casos de denuncias, alegacións ou declaracións feitos con mala fe ou aqueles en que os datos ou testemuños que se acheguen sexan falsos.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es
Documento asinado electronicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Xefe do gabinete técnico (JAVIER VARELA TEJEDOR) a las 11:48 del día 07/06/2023, Alcalde-Presidente, en funcións (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:34 del día 07/06/2023, Secretario xeral (JOSÉ VILLÁN FUERTES) a las 13:50 del día 07/06/2023 y por SELLO ELECTRÓNICO DO CONCELLO DE CULLEREDO a las 13:50 del día 07/06/2023. Mediante el código de verificación 6226440D0U0E6P0M1E72 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento. Anotada en el Libro de RESOLUCIÓNES con el núm. CUL/RES/1082/2023 el 07/06/2023

ARTIGO 4. Definicións

Persoa protexida:

Toda persoa incluída no ámbito de aplicación deste Protocolo que se considere vítima de acoso laboral, incluído o persoal de prácticas que puidese estar no Concello.

Persoa denunciante:

Toda persoa incluída no ámbito de aplicación deste Protocolo que expuxese unha denuncia ou queixa de acoso laboral.

C.I.F. P-1503100-H

Persoa denunciada:

A persoa incluída no ámbito de aplicación do Protocolo respecto da cal se formule unha denuncia ou queixa de acoso.

Acoso psicolóxico ou moral no traballo:

Fustrigación ao que, de forma sistemática e prolongada, vese sometida unha persoa no ámbito laboral e que adoita provocarlle trastornos psicolóxicos.

Acoso sexual:

Calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se de unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva. No ámbito laboral presenta dúas variantes:

- Chantaxe sexual: Implica abuso de autoridade e prodúcese cando a persoa acosada vese obrigada a elixir entre someterse aos requirimentos da persoa acosadora ou perder determinados beneficios no seu emprego ou condicións de traballo.
- Acoso sexual ambiental: Comportamento de natureza sexual que xera un ambiente que resulta intimidatorio, hostil, humillante, ofensivo, desfavorable ou agresivo a quen o sofre.

Acoso por razón de sexo:

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es
Documento asinado electronicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder

Calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva.

Acoso discriminatorio:

Conduta non desexada que, de maneira inxusta e desfavorable, diferenza no trato ás persoas en función da súa orixe racial ou étnica, relixión, convicciónss, discapacidade, idade ou orientación sexual e que supón un atentado contra a súa dignidade, creando unha contorna intimidatorio, ofensivo ou humillante.

C.I.F. P-1503100-H

ARTIGO 5. Obxectivos xerais e específicos

O obxectivo xeral deste Protocolo é definir o marco de actuación ante calquera situación de acoso psicolóxico ou moral, acoso sexual ou por razón de sexo ou acoso discriminatorio, coa finalidade de evitar este tipo de condutas no Concello.

Son, ademais, obxectivos específicos do Protocolo:

1. Promover unha cultura de prevención contra calquera tipo de acoso no ámbito laboral, informando, sensibilizando e formando ao persoal do Concello.

2. Previr todo comportamento que poida ser constitutivo de acoso no ámbito laboral.

3. Dispoñer da organización específica necesaria para atender os casos que se produzan.

4. Establecer os procedementos de intervención adecuados, no caso de que se dean condutas constitutivas de acoso.

5. Garantir a seguridade das persoas vítimas de acoso laboral.

ARTIGO 6. Medidas preventivas

Co obxectivo de previr e evitar calquera situación de acoso no ámbito laboral, establécense as seguintes medidas:

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es
Documento asinado electronicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Xefe do gabinete técnico (JAVIER VARELA TEJEDOR) a las 11:48 del día 07/06/2023, Alcalde-Presidente, en funcións (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:34 del día 07/06/2023, Secretario xeral (JOSÉ VILLÁN FUERTES) a las 13:50 del día 07/06/2023 y por SELLO ELECTRÓNICO DO CONCELLO DE CULLEREDO a las 13:50 del día 07/06/2023. Mediante el código de verificación 6226440D0U0E6P0M1E72 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento. Anotada en el Libro de RESOLUCIONES con el núm. CUL/RES/1082/2023 el 07/06/2023

C.I.F. P-1503100-H

De sensibilización e comunicación interna:

- Divulgación e posta ao disposición de todo o persoal deste Protocolo.
- Elaboración e difusión de folletos informativos a todos os departamentos, con información sobre cuestións tales como a identidade das persoas que compoñen a Comisión de Atención ao Acoso ou os procesos de actuación ante situacións de acoso.
- Elaboración e colocación de carteis informativos nos taboleiros e na web municipais.

De formación:

- Formación xeral en políticas de xénero e igualdade entre homes e mulleres.
- Formación específica en materia de acoso no ámbito laboral, especialmente acoso sexual e acoso por razón de sexo.
- Formación ás persoas que vaian intervir nos procesos que se desenvolvan no ámbito deste protocolo, así como aos sindicatos e persoas que integrarán a Comisión de Atención ao Acoso.

De investigación, coñecemento e avaliación:

- Realización de estatísticas sobre intervencións e casos de acoso ocorridos na organización.
- Avaliación de riscos que permitan detectar coa debida antelación situacións de acoso, especialmente nos colectivos máis susceptibles de sufrilo.
- Avaliación e revisión periódica do Protocolo.
- Seguimento dos casos de baixas médicas producidas como consecuencia dunha situación de acoso no traballo.

ARTIGO 7. Procedemento de actuación en casos de acoso

A Comisión de Atención ao Acoso Laboral

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

Documento asinado electronicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Xefe do gabinete técnico (JAVIER VARELA TEJEDOR) a las 11:48 del día 07/06/2023, Alcalde-Presidente, en funcións (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:34 del día 07/06/2023, Secretario xeral (JOSÉ VILLÁN FUERTES) a las 13:50 del día 07/06/2023 y por SELLO ELECTRÓNICO DO CONCELLO DE CULLEREDO a las 13:50 del día 07/06/2023. Mediante el código de verificación 6226440D0U0E6P0M1E72 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento. Anotada en el Libro de RESOLUCIONES con el núm. CUL/RES/1082/2023 el 07/06/2023

A Comisión de Atención ao Acoso Laboral estará formada por 5 empregadas/os públicos. A designación e destitución dos seus membros, que tenderá a ser paritaria, realizarase polo/a Alcalde/sa a proposta do Comité de Seguridade e Saúde.

Ademais das persoas titulares, nomearanse aos seus correspondentes suplentes, que lles substituirán en casos de ausencia, vacante ou por incorrer o titular en causa de abstención ou recusación.

Unha vez nomeados, farase público o devandito nomeamento para o seu xeral coñecemento por todo o persoal do Concello.

Os membros da Comisión actuarán de maneira independente e imparcial e comprometeranse a gardar confidencialidade respecto de todos os feitos e datos dos que teñan coñecemento como consecuencia da súa condición de membro da Comisión, en particular daqueles que proveñan da tramitación dun procedemento regulado no presente Protocolo. As súas decisións adoptaranse por maioría.

Aos membros da Comisión seranlles de aplicación as normas sobre abstención e recusación previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Son funcións da Comisión:

- Recibir as denuncias por acoso no ámbito laboral.
- Informar á persoa denunciada sobre a existencia da denuncia e darlle audiencia.
- Prestar asesoramento, informando as persoas interesadas sobre os seus dereitos e obrigacións, procedementos previstos neste Protocolo, e de todo o que teña transcendencia para os efectos deste Protocolo.
- Verificar os feitos recolleitos na denuncia, ao obxecto de decidir se procede ou non tramitar procedemento algún.
- Tramitar a denuncia e, no seu caso, elaborar o Informe de Valoración coas conclusións da investigación, que servirá de base para que o alcalde/sa ou pola súa delegación a concellería competente na materia de Recursos Humanos dite resolución definitiva.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es
Documento asinado electronicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder

C.I.F. P-1503100-H

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Xefe do gabinete técnico (JAVIER VARELA TEJEDOR) a las 11:48 del día 07/06/2023, Alcalde-Presidente, en funcións (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:34 del día 07/06/2023, Secretario xeral (JOSÉ VILLÁN FUERTES) a las 13:50 del día 07/06/2023 y por SELLO ELECTRÓNICO DO CONCELLO DE CULLEREDO a las 13:50 del día 07/06/2023. Mediante el código de verificación 6226440D0U0E6P0M1E72 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento. Anotada en el Libro de RESOLUCIONES con el núm. CUL/RES/1082/2023 el 07/06/2023

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Xefe do gabinete técnico (JAVIER VARELA TEJEDOR) a las 11:48 del día 07/06/2023, Alcalde-Presidente, en funcións (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 13:34 del día 07/06/2023, Secretario xeral (JOSÉ VILLÁN FUERTES) a las 13:50 del día 07/06/2023 y por SELLO ELECTRÓNICO DO CONCELLO DE CULLEREDO a las 13:50 del día 07/06/2023. Mediante el código de verificación 6226440D0U0E6P0M1E72 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento. Anotada en el Libro de RESOLUCIONES con el núm. CUL/RES/1082/2023 el 07/06/2023

C.I.F. P-1503100-H

Procedemento de actuación: fase informal e fase formal do procedemento

a. Presentación da denuncia

